



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 29 DE XUÑO DE 2015.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Fernández Cal, D^a. María Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo De Olano Vela, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. María Jesús Vale López, D^a. Belinda Bermúdez Otero, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Víctor Marcial Miranda Gómez.

AUSENCIAS

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 29 de xuño de dous mil quince, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA NAS SEGUINTE
MATERIAS:**

- ⇒ **NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
- ⇒ **PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
- ⇒ **NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE**
- ⇒ **DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA**

Por parte da Sra. Alcaldesa dase conta das Resolucións da Alcaldía de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local, nomeamento de Tenentes de Alcalde e delegacións de competencia da Alcaldía, de data 22 de xuño de 2015, co seguinte contido literal:



“DONA MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 43, 46 , 47, 52 e 112 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que no Concello de Viveiro en función da súa poboación, según o previsto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 59 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é preceptiva a existencia da Xunta de Goberno Local.

Resultando que según establece o artigo 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde, que a preside, e concelleiros nomeados libremente por él como membros da mesma, prevendo que o alcalde pode cesar libremente, en todo momento a calquera membro da Xunta de Goberno. Segundo o establecido en dito artigo o número de concelleiros que o Alcalde pode nomear como membros da Xunta de Goberno Local non pode superar o tercio do número legal de membros da corporación.

Resultando que según prevé o artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Resultando que o artigo 43 do ROF, en consonancia co artigo 120 prevé a delegación de competencias e contempla a existencia de concelleiros delegados, indicándose no artigo 120 que se perde a condición de concelleiro delegado por revocación da delegación, adoptada polo Alcalde coas mesmas formalidades previstas para o seu outorgamento. Segundo o previsto no artigo 43 do ROF o Alcalde pode delegar o exercizo de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais, que, para cometidos específicos, poda realizar a favor de calquer concelleiro, aínda que non pertencen á Xunta de Goberno Local. As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo poden efectuarse delegacións específicas en calquer concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o Concelleiro que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área. As delgacións especiais poderán ser de tres tipos: relativas a un proxecto ou asunto determinado, relativas a un determinado servizo ou relativas a un distrito ou barrio.

Resultando que según establece o artigo 46 do ROF, os nomeamento e ceses dos Tenentes de Alcalde realizarase mediante Resolución da Alcaldía da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademáis, persoalmente ós designados, e publicaranse no



Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde, se na mesma non se dispón outra cousa.

O artigo 52 prevé que os nomeamentos e ceses dos membros da Xunta de Goberno Local serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 46, remitíndose polo tanto ó procedemento previsto para o nomeamento e cese dos Tenentes de Alcalde. Establécese no artigo 112 do ROF que en defecto de previsión expresa no Regulamento Orgánico da Entidade, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria cada quince días como mínimo, correspondendo ó Alcalde fixar mediante decreto o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria.

Respecto ás delegacións, o artigo 44 do ROF indica que serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía e surtirá efecto dende o día seguinte ó da data do Decreto, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

- ⇒ D. Jesús Fernández Cal.*
- ⇒ D^a. María Isabel Rodríguez López.*
- ⇒ D. Jesús Fernández Fernández.*
- ⇒ D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.*
- ⇒ D. Emilio Villarme Méndez.*

Deste xeito, a Xunta de Goberno Local, que estará presidida pola Alcaldesa, queda integrada polos cinco concelleiros anteriormente referidos.

SEGUNDO.- Fixar a celebración de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local todos os martes de cada mes ás 17:00 horas.

TERCEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde ós seguintes concelleiros:

- 1º TENENTE DE ALCALDE: D. Jesús Fernández Cal.*
- 2º TENENTE DE ALCALDE: D^a. María Isabel López.*
- 3º TENENTE DE ALCALDE: D. Jesús Fernández Fernández.*

CUARTO.- Outorgar ós seguintes concelleiros, que a continuación se relacionan as seguintes delegacións:

DELEGACIÓNS XENÉRICAS

A favor de D. Jesús Fernández Cal: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS, MEDIO RURAL E SERVIZOS PÚBLICOS



A favor de D^a. María Isabel Rodríguez López: ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E OFICINA DE INMIGRACIÓN.

A favor de D. Jesús Fernández Fernández: ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA, EDUCACIÓN, MAR E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

A favor de D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega: ÁREA DE CULTURA, MULLER E XUVENTUDE.

A favor de D. Emilio Villarmea Méndez: ÁREA DE DEPORTES.

DELEGACIÓNS ESPECIAIS

A favor de D^a. María Soledad Rey Yáñez: Dirección da oficina de turismo, organización e xestión das campañas de promoción turística, asistencia a feiras, reunións e eventos relacionados co sector turístico, accións de desenvolvemento do sector do comercio e xestión das relacións do concello coas asociacións de comerciantes.

A favor de D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro: Xestión dos Departamentos Municipais vinculados á área de seguridade cidadá (policía local, protección civil e emerxencias), actuacións relacionadas coa seguridade vial e cívica.

As delegacións efectuadas no punto terceiro desta Resolución refírense ás facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, quedando excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

QUINTO.- Os presentes acordos surtirán efectos dende o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF.

SEXTO.- A presente Resolución será notificada persoalmente ós concelleiros nomeados como Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local, así como ós concelleiros ós que se lles outorgan delegacións.

SÉTIMO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre (Pleno de Organización)

En Viveiro, a 22 de xuño de 2015.

A ALCALDESA

Asdo: María Loureiro García”

2.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS PRESENTADOS DE CONSTITUCIÓN DE GRUPOS E DESIGNACIÓN DE PORTAVOCES DE CADA GRUPO

Por parte da Sra. Alcaldesa dase conta, en virtude do establecido no artigo 25 do ROF dos escritos presentados de constitución de grupo político:



- **Constitución do Grupo Municipal do PsdeG- Partido Socialista Obrero Español, conformado polos seguintes concelleiros:** D^a. María Loureiro García, D. Jesús Fernández Cal, D^a. María Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarmea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro.

Desígnase como portavoz do grupo a D^a. María Isabel Rodríguez López, e como portavoz suplente a D. Jesús Fernández Cal.

- **Constitución do Grupo Municipal do Partido Popular, conformado polos seguintes concelleiros:** D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo De Olano Vela, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. María Jesús Vale López, D^a. Belinda Bermúdez Otero,

Desígnase como portavoz do grupo a D. Antonio J. Bouza Rodil, e como portavoz suplente a D. Jaime de Olano Vela.

- **Constitución do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, conformado polos seguintes concelleiros:** D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura

Desígnase como portavoz do grupo a D. Bernardo Fraga Galdo, e como portavoces suplentes a D. Manuel Galdo Dopico e D^a. Saray Blanco Canoura.

Por parte da Sra. Alcaldesa dase a palabra á Secretaria Municipal ó respecto do concelleiro de Son Viveiro.

Intervén a Secretaria Municipal, M^a Luz Balsa Rábade, para dicir que, segundo o establecido no artigo 74 da 5/1997, de Administración Local de Galicia, quedará constituído o Grupo Mixto polo membro do partido político que obtivese un só escaño, polo que queda constituído o Grupo Mixto polo concelleiro de Son Viveiro.

3.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE E DATAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

Vista a proposta de Alcaldía referente á periodicidade e data das sesións ordinarias do Pleno da Corporación, na que se propón establecer a periodicidade mensual e fixar como día das sesións ordinarias do Pleno da Corporación os últimos xoves de cada mes ás 20:30.

Por parte da Sra. Alcaldesa dase a palabra ós Grupos Municipais.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, pedindo manter a data dos primeiros xoves de cada mes, porque o último xoves de cada mes non pode acudir ás sesións plenarias



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se propón o último xoves de cada mes porque para os novos compoñentes do equipo de goberno non é factible a celebración das sesións ordinarias os primeiros xoves de mes.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que non ten preferencia de día, pero que solicita que se celebren as sesións ordinarias na primeira semana de cada mes.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que se debe facilitar que estean todos os concelleiros.

Intervén por Son Viveiro, do Grupo Mixto, para dicir que se debe facilitar que estean todos os concelleiros.

Intervén a Sra. Alcaldesa para preguntarlle á Secretaria Municipal se é posible deixar o asunto sobre a mesa, ó que responde a Secretaria Municipal que sí é posible, debendo posteriormente fixarse noutro pleno a periodicidade de celebración das sesións ordinarias.

Proponse pola Alcaldía a periodicidade mensual, fixando como data e hora das sesións ordinarias, todos os primeiros mércores de cada mes.

Non existindo máis debate, acórdase por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Establecer a periodicidade mensual para a celebración de sesións ordinarias do Pleno da Corporación.

Segundo.- Fixar como día das sesións ordinarias do Pleno da Corporación os primeiros mércores de cada mes ás 20:30 horas.

Terceiro.- No suposto de que o citado día sexa inhábil, por coincidir cunha festividade, local, autonómica ou nacional, a sesión ordinaria celebrarase o primeiro día hábil seguinte.

4.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Vista a proposta da Alcaldía para o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que propón o cambio respecto á persoa proposta para o Consello Escolar do C.E.P. LOIS TOBÍO e para o Consello Escolar do C.E.I.P. LANDRO, quedando a proposta do seguinte xeito:

Consello Escolar do C.E.P. LOIS TOBÍO: María Isabel Rodríguez López
Consello Escolar do C.E.I.P. LANDRO: Emilio Villarme Méndez



Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade o nomeamento dos seguintes representantes:

Primeiro.- Nomear como representantes da Corporación nos órganos colexiados dos centros escolares ós seguintes Concelleiros:

Consello Escolar do C.E.I. SAN ROQUE: Lara Fernández Fernández-Noriega
Consello Escolar do C.E.I.P. COVAS: Jesús Fernández Cal
Consello Escolar do C.P. SANTA RITA DE GALDO: Carlos Gueimunde Cabaleiro
Consello Escolar do C.E.I.P. PEDROSA LATAS DE CELEIRO: Jesús Fernández Fernández
Consello Escolar do I.E.S. IRMÁNS VILAR PONTE: María Isabel Rodríguez López
Consello Escolar do I.E.S. MARÍA SARMIENTO: María Soledad Rey Yáñez
Consello Escolar do C.E.P. LOIS TOBÍO: María Isabel Rodríguez López
Consello Escolar do C.E.I.P. LANDRO: Emilio Villarme Méndez

Segundo.- Nomear como representantes da Corporación nos seguintes órganos colexiados ós seguintes Concelleiros:

Escola Oficial de Idiomas: Jesús Fernández Fernández
Conservatorio Profesional de Música de Viveiro: Jesús Fernández Fernández
Mesa Local de Comercio: María Soledad Rey Yáñez
Consortio Provincial de Bombeiros: Carlos Gueimunde Cabaleiro

Terceiro.- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado ós concelleiros nomeados.

5.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Vista a proposta da Alcaldía para a creación e composición das Comisións Informativas.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Crear as seguintes COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

- ⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA
- ⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, OBRAS, MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL
- ⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL
- ⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL
- ⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, MULLER E XUVENTUDE
- ⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES



⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO E COMERCIO

⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGURIDADE CIDADÁ

⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL

Segundo.- Crear a COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Terceiro.- Crear as seguintes COMISIÓNS INFORMATIVAS ESPECIAIS

⇒ COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Cuarto.- Crear a MESA DE CONTRATACIÓN segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Quinto.- Crear a XUNTA DE VOCEIROS

Sexto.- Fixar como periodicidade mensual das sesións ordinarias das Comisións Informativas permanentes.

Sétimo.- Establecer como día das sesións ordinarias das Comisións Informativas Permanentes todos os últimos luns de cada mes. Nesta data celebrarase sesión ordinaria das comisións informativas que corresponda segundo os asuntos plenarios a incluír no pleno ordinario dese mes. No suposto de que este día sexa inhábil por coincidir con festividade local, autonómica ou nacional, a sesión ordinaria celebrarase o primeiro día hábil seguinte.

Oitavo.- A constitución das Comisións Informativas Permanentes e Especiais, así como da Comisión Especial de Contas axustarase ó seguinte:

1. A presidencia das mesmas corresponderá á Alcaldía.
2. Estarán integradas por un concelleiro de cada grupo político e o concelleiro da candidatura que compón o grupo mixto. Ós efectos de que a súa constitución se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, a votación realizarase mediante o sistema de voto ponderado (en función da representación no Pleno da Corporación).
3. A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo realizarase mediante escrito dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ó Pleno; podendo designarse de igual forma un suplente por cada titular.

Noveno.- A composición da Mesa de Contratación axustarase ó establecido na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.



A Mesa de Contratación estará integrada por un concelleiro de cada grupo político e o concelleiro da candidatura que compón o grupo mixto. Cada concelleiro actuará como vocal da mesa (non contando con voto ponderado).

A presidencia da mesma corresponderá á Alcaldía.

Formarán parte da Mesa de Contratación como vocales os funcionarios ou funcionarias que ocupen os postos de Secretaría e Intervención.

Actuará como Secretario da Mesa un traballador municipal do Departamento de Contratación.

En cada contrato, será o órgano de contratación o que determine a composición exacta da Mesa de Contratación, segundo o establecido no TRLCSP, coa inclusión dalgún traballador municipal neste órgano segundo o obxecto do contrato.

Décimo.- A Xunta de Voceiros estará composta polo voceiro de cada grupo e polo concelleiro da candidatura que compón o grupo mixto. As reunións da mesma celebraranse previa convocatoria ós efectos de expoñer e/ou valorar distintos asuntos de interese para o ámbito municipal sen ter por obxecto en ningún caso o dictame de asuntos plenarios.

6.- DETERMINACIÓN DOS CARGOS A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E APROBACIÓN DE CUANTÍAS RETRIBUTIVAS.

Vista a proposta da Alcaldía para a determinación dos cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e aprobación de cuantías retributivas

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que un concello como Viveiro ten que ter máis de unha dedicación exclusiva pola súa dimensión, engadindo que por lei podería ter ata sete, e se propoñen dúas: unha para a alcaldía e outra para a Concellería delegada de Facenda (pola dimensión e importancia desta área). Engade que están avaladas polo informe favorable de Intervención e se atopan por debaixo dos 50.000 euros que estipula a lei, xa que manifesta que o seu grupo se atopa no concello por vocación de servizo público, non para enriquecerse nin sacar proveito, e consideran que son salarios normais.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o grupo do goberno é o que propón as dedicacións e o seu importe e que no informe de Intervención consta que hai consignación orzamentaria, polo que o seu grupo se vai abster.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que consideran que dúas dedicacións son correctas e que as retribucións propostas se atopan dentro da normalidade, inferiores a outros concellos cercanos.

Intervén D. Víctor Marcial Miranda Gómez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que considera necesaria exclusivamente a retribución do posto da Alcaldesa, non estando de acordo cunha segunda dedicación polo que votará que non.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as cantidades que figuran son as cuantías íntegras, sen percibir nada máis a maiores, e engade que no Concello están os traballadores, pero nun concello con 16.000 habitantes censados tamén se necesita xente que xestione, considerándose este aspecto importante para o Concello e entendendo que incluso ó mellor fixesen falta máis dedicacións.



Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose con 8 votos a favor correspondentes ó grupo do P.S.O.E., 8 abstencións correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G. e 1 voto en contra correspondente ó Concelleiro de Son Viveiro do Grupo Mixto, do seguinte xeito:

Primeiro.- A aprobación dos seguintes cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicacións exclusiva:

- ⇒ ALCALDÍA
- ⇒ CONCELLERÍA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA, EDUCACIÓN, MAR E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Segundo.- Establecer, en atención ó grado de responsabilidade dos cargos referidos no punto anterior, as seguintes retribucións:

Retribucións salariais:

- ⇒ Alcaldía: 29.540,00 euros, con efectos do 13 de xuño de 2015.
- ⇒ Concellería delegada de Economía e Facenda, Educación, Mar e Participación Cidadá: 22.435,80 euros, con efectos do 1 de xullo de 2015.

Actualizar e dar de alta as cuotas correspondentes da Seguridade Social, de acordo coas retribucións referidas.

Terceiro.- As retribucións actualizaranse anualmente segundo se estableza na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ó servizo das entidades locais.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e notificado ós membros da Corporación que ocupen os cargos para os que se establece o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva, ós efectos da manifestación, no seu caso, da aceptación expresa de dito réxime de dedicación exclusiva. No suposto de aceptación expresa, a mesma deberá comunicarse ó Pleno da Corporación na seguinte sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:15 horas do día 29 de xuño de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA ACCTAL.,